



Eu son Exeria. Lectura feminista dunha viaxe no século IV

Marisa Vidal Collazo, Galaxia, 2022

Achegarse á lectura deste libro, ilustrado con beleza e sensibilidade por Sole Pite, inspira a nosa memoria e impulsa o noso camiñar coma crentes. O relato que Marisa Vidal nos ofrece sobre a vida e experiencias da nosa devanceira Exeria amplifica a nosa mirada sobre aqueles primeiros séculos nos que a igrexa ía facéndose un lugar na historia pero tamén no corazón de moitas mulleres e homes que confiaron na mensaxe de Xesús de Nazaret e configuraron a súa vida a carón do seu proxecto.

A opción de presentarnos a figura de Exeria cunha narración en primeira persoa non só lle dá fluidez o texto senón que nos permite empatizar coa figura desta muller valente desde as primeiras liñas do libro. Con este recurso litera-

rio a autora colocase «fóra de plano» para que poidamos centrar toda a nosa atención no itinerario vital e xeográfico desta muller e na forza da súa experiencia. Sen dubida este é un dos grandes logros deste libro e é de agradecer ese papel de mediación que Marisa fai entre nós e a historia de Exeria, entre nós e aquel século IV complexo pero apaixonante. Un século, que a través desta obra, podemos ver ademais desde os ollos dunha muller, ofrecendo así un enfoque non habitual na historiografía antiga.

Neste senso *Eu son Exeria* convídanos a caer na conta da existencia de mulleres, que en todo tempo, foron capaces de rachar co que se esperaba delas e abrir novos espazos persoais e colectivos nos que dicirse a si mesmas sostidas na experiencia

liberadora de Xesús de Nazaret. Esa decisión sen embargo, non foi fácil nin sinxela senón que estivo cargada de desafíos como os que o itinerario mostra, aínda que ás veces aparecen velados quizais por prudencia da protagonista ou porque sempre é mellor quedar co bo vivido que coa queixa.

O subtítulo elixido para acompañar o título: *Lectura feminista dunha viaxe no século IV* indica xa dende o comezo que a intención da autora é ofrecernos un modo diferente de traer ao presente a memoria da figura que nos quere presentar. Aplicar as ferramentas da interpretación feminista a un texto que naceu hai moito tempo nunha cultura patriarcal e androcéntrica supón estudo e reflexión pero tamén valentía e honestidade. Todo o cal, a autora tece con intelixencia para ofrecernos un relato que cuestiona pero que tamén abre horizontes nos que albiscar certezas e soste esperanzas.

Todo o dito non é máis que un pequeno achegamento a un libro pequeno en tamaño pero grande en propostas. Un libro que non podemos deixar de ler

e incorporar á nosa biblioteca de «favoritos» porque con el seguimos recuperando mulleres que tamén fixeron historia e abrindo novos espazos para reler o noso pasado, iluminando o noso presente para proxectar un futuro coma crenches e galegas/os esperanzado e inclusivo.

Coñecer a Exeria é tamén achegarse ao camiñar cristián dos primeiros séculos coa mirada dunha muller. Ao seu carón aparecerán outras mulleres e homes que xunto a ela foron tecendo a historia daquel momento coas súas luces e sombras, coas súas posibilidades e límites pero da que temos que aprender. Marisa Vidal guíanos para non deixar fóra ningún detalle do que Exeria descubriu, dos lugares que visitou, das persoas coas que se atopou e dos acontecementos que viviu. Sen dubida as páxinas deste libro son unha oportunidade de facer un exercicio de memoria audaz e comprometido.

As ilustracións de Soedade Pite acompañaran o noso percorrido literario ofrecéndonos novos imaxinarios cargados de beleza e intuición, de creativi-

dade e significados que farán máis atractivo se cabe o encontro con Exeria.

Remato lembrando un desexo de Exeria alumeado en palabras de Marisa Vidal:

Gustaríame que a miña historia vos conmovea, vos tocara por dentro, e contribuíse, pobre de min, a anovar a Igrexa do século XXI.

Carme Soto Varela